

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE ABRIL DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vintecinco de abril do dous mil dous; ás oito da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso, Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez que se incorpora no punto 3º.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 22 DE MARZO PASADO (Ordinaria).-

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 22 de Marzo pasado (Ordinaria).

2.- DAR CONTA: A) DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 21 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 20 de marzo, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 22 de marzo, sobre aboamentos

Do 25 de marzo, sobre delegación da Alcaldía a prol do Segundo Tenente Alcalde, Don Celso Sotelo Barroso.

Do 25 de marzo, sobre aboamentos

Do 26 de marzo, sobre obras e asuntos varios.

Do 26 de marzo, dúas sobre aboamentos

Do 26 de marzo, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 27 de marzo, dúas sobre aboamentos

Do 1 de abril, sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 1 de abril, sobre aboamentos.

Do 2 de abril, sobre aboamentos.

Do 3 de abril, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 3 de abril, sobre aboamentos.

Do 4 de abril, sobre aboamentos.

Do 5 de abril, sobre paralización de actividade.

Do 5 de abril, sobre aboamentos.

Do 5 de abril, sobre cuestións fiscais.

Do 8 de abril, tres sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 8 de abril, sobre aboamentos.

Do 9 de abril, sobre aboamentos.

Do 10 de abril, sobre aboamentos.

Do 16 de abril, sobre aprobación de bases para a contratación de persoal laboral temporal, conserxe da Casa de Cultura.

Do 16 de abril, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 17 de abril, sobre aboamentos.

Do 18 de abril, dúas sobre aboamentos.

Do 18 de abril, sobre cuestións fiscais.

Do 19 de abril, cinco sobre compensación de débedas tributarias.

Do 19 de abril, sobre cuestións fiscais.

Do 22 de abril, sobre nomeamento de membros da Mesa de Contratación do concurso tramitado para a concesión do servizo de Xestión indirecta de recollida, retirada e transporte de vehículos das vías públicas.

Do 22 de abril, sobre aboamentos.

B) DESIGNACION DE CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

O Pleno fica enterado da designación dos concelleiros do grupo municipal do P.P. integrantes das Comisións Informativas Permanentes quedando as mesmas compostas do seguinte xeito:

1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, INCLUE XUVENTUDE.-

Titulares: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

Suplentes: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Alonso Fernández.

2.- COMISION DE SERVICIOS, MEDIO AMBIENTE, PERSOAL E REXIME INTERIOR, INCLUE POLICIA LOCAL E TRAFICO.-

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Dona María José Escudero Estévez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

3.- COMISION DE OBRAS E URBANISMO.-

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Dona María Martínez Abal, Don Antonio

Domínguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don José Prieto Pérez, Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

4.- COMISION DE CULTURA, TURISMO, EDUCACION, DEPORTES, SERVICIOS SOCIAIS E PARTICIPACION.-

Titulares: Dona María Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

Suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS CONCLUSIONS DA COMISION DE SEGUIMENTO DO CONTRATO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 22 de Abril: "Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta das conclusións da Comisión de seguimento do contrato de abastecemento e saneamento do Concello de Ribadavia, propoñendo como xuíz instructor do expediente sancionador, existindo acordo de todos os grupos, o concelleiro Don Francisco Xabier Carreira Sebio, quedando as conclusións do seguinte xeito:

"PRIMEIRA.- Propoñer os órganos competentes do Concello a incoación de expediente sancionador a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Ribadavia (Técnica de Depuración S.A. TEDESA) nomeando xuíz instructor do mesmo o concelleiro, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, tomando como base para a súa incoación os seguintes incumprimentos:

1.- Retraso na presentación do Plano Director, de acordo co que establece a base 114, 4º do Prego de Condición Económico-Administrativas.

2.- Non realización no Plano de Investimentos, de acordo co establecido na base 23ª do Prego e oferta económica.

3.- Non presentación do Plano das Redes de acordo co que establece a base 26ª do Prego e non realización dos estudos anuais sobre necesidades de ampliación ou renovación das redes de abastecemento de auga e rede de sumidoiros e posibles captacións ou outros medios para incrementalos recurso hídricos de acordo co que sinala a base 40.2, 13 do devandito Prego.

4.- Incumprimento das obrigas de mantemento e conservación das infraestructuras e medios de xestión, de acordo co que establecen as bases 25.1, 29, 40, 41, 42, 46 e 102 do Prego de Condicións. Paralización da E.D.A.R. de Francelos, base 36 do Prego de bases técnicas da E.D.A.R.

5.- Incumprimento do abono o Concello do canon da concesión dentro dos prazos establecidos, base 78.2,a) do Prego.

6.- Non limpeza das fosas sépticas, de acordo co establecido na base 2 o), 32 e Capítulo XII do Prego de bases técnicas da E.D.A.R..

7.- Non emisión de informes solicitados polo Concello, de acordo co establecido na base 23.6ª do Prego; Non solicitude de licencias de obra, de acordo co establecido na base 68º do Prego; Non cerramento de gabias, levantamento e reposición de pavimentos e/ou beirarúas e outras similares, de acordo co que establece a base 67ª do Prego.

8.- Non constancia da existencia do Libro de Reclamacións (base 99ª do Prego), Libro de Inspeccións (Base 100ª do Prego), Libro de visitas e análises (Base 15ª, Prego E.D.A.R.). Non sinalamento de lugar axeitado para o verquido dos lodos xenerados pola depuración (base 25ª Prego E.D.A.R.).

SEGUNDA.- Propoñer que esta Comisión de Seguimento reúnase cunha periodicidade trimestral, co obxecto de que se fagan os seguintes controis:

a) De carácter Económico.

1.- Relacións Empresa-Concello.

2.- Relacións Empresa-Usuarios.

b) De carácter Técnico.

- Estado das instalacións.

- Análises periódicos tanto da E.T.A.P como da E.D.A.R., tanto oficiais como non oficiais solicitados dende o Concello.

- Informes periódicos sobre obras públicas e privadas.

- Elaboración dun plano anual de revisions de instalacións e da propia rede.

TERCEIRA.- En relación coa Estación de Tratamento de Auga Potable da Franqueirán (E.T.A.P.), solicitar o Organismo Augas de Galicia e os Servicios de Enxeñería da Deputación Provincial do Ourense a emisión de informe sobre o custo de explotación e mantemento de dita planta. Así mesmo solicitar o organismo Augas de Galicia copia do proxecto técnico da Estación de Tratamento de Auga Potable da Franqueirán".

De seguido, sométese a votación ordinaria a proposta de dita Comisión de seguimento, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar en primeiro lugar que lamenta a tardanza en tomar esta decisión, solicitando que agora e no futuro se tome en serio esta decisión e que non sexa consecuencia dunha situación puntual do Concello. Finaliza a súa intervención solicitando que en adiante se defenda tanto os intereses do Concello como dos propios veciños.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que hoxe culmine un traballo minucioso, o cal demostra a existencia de incumprimentos graves por parte da empresa e que demostra que ata agora o Concello estivo incumprindo as súas obrigas; continúa dicindo que os incumprimentos deben ser sancionados, di que se trata de incumprimentos moi graves, existindo outras faltas, coma competencia do Sr. Alcalde á incoación de expediente e a súa sanción. Finaliza a intervención dicindo que as medidas de seguimento do contrato deben iniciarse dende o primeiro momento, existindo a partir de agora un compromiso de continuar co devandito traballo.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que ata agora o Concello fixo un seguimento do contrato tratando de defende-los intereses do Concello e tamén dos propios veciños e de feito existen diversos contenciosos coa empresa.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a proposta realizada pola Comisión de Seguimento do contrato de abastecemento e saneamento do Concello de Ribadavia, acordando que se notifiquen ditos acordos á empresa e organismos implicados.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESION ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE O MES DE MAIO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policia Local e Tráfico celebrada o pasado 22 de Abril que di: "De seguido a proposta de Don Miguel Fidalgo Areda, os membros integrantes da Comisión Informativa, por unanimidade, dictaminan favorablemente o cambio da sesión ordinaria do Iltmo. Concello Pleno correspondente ó mes de Maio para o vindeiro 23 de maio, quedando as Comisións Informativas para o vindeiro día 20 de maio".

Sen necesidade de entrar en debate sométese a proposta transcrita a votación ordinaria obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION SE PROCEDE, DO CONVENIO DE ASESORAMENTO TECNICO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA CO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado 22 de Abril que di: " O Sr. Presidente efectivo da Comisión comenza explicando que a modificación do convenio que se adoptou polo pleno de data 28 de febreiro pasado non foi aceptada polo Colexio de arquitectos; dí que dado o volume de traballo dos servicios urbanísticos do Concello e ante posibles eventualidades que poidan surxir (vacacións, baixas...) faise necesario a renovación deste Convenio.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para sinalar que se o colexio de arquitectos non acepta a modificación prantexada, o seu grupo tampouco acepta o convenio presentado polo colexio; dí que iste é o momento de potenciar os servicios urbanísticos do Concello contratando un deliniante que sirva de apoio o Sr. Aparellador Municipal; dí que no vé a necesidade de aprobar o convenio, sobre todo agora que temos a oficina do P.E.R.I. e os asuntos do casco histórico deben pasar por dita oficina. Finaliza a súa intervención dicindo que o tema de

vacacións, baixas do persoal parecelle unha mala desculpa para renovar o convenio.

Intervén Don Xosé Prieto Pérez, para dicir que o Concello aprobou un convenio e se non o acepta o colexio de arquitecto e o seu problema; dí que habera que solucionar o tema dos informes feitos polo arquitecto sen estar aprobado o convenio. Finaliza a súa intervención dicindo que este é o momento para reforzar os servicos urbanísticos do Concello e solicita que se executen os acordos plenarios, dicindo que o seu grupo non ten nada en contra do arquitecto que viña desenvolvendo a súa labor de acordo co convenio.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para propoñer unha solución intermedia coa finalidade de evitar perxuízos os veciños; dí que no caso que o problema sexa o técnico propón que se mande unha relación de técnicos e se escolla no seno o mesmo polos integrantes da Comisión.

Intervén o Sr. Alonso Fernández, para sinalar que pensa que no Concello existen problemas máis graves que o do convenio co colexio de arquitectos; dí que é coñecido de todos o rexeitamento do seu grupo o técnico designado; continúa dicindo que o colexio de arquitectos estanos brindando unha oportunidade única de potenciar os servicos urbanísticos do Concello, sinalando que con esta decisión non se está perxudicando os veciños.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que pode aprobarse o convenio e así mesmo requerir o colexio de arquitectos que mande unha relación de arquitectos interesados para que a propia comisión coa participación do Sr. Aparellador Municipal proceda a elección do técnico.

Esgotado o debate, o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito Convenio, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, un (B.N.G.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e Dona Maria José Escudero Estévez.- Por conseguinte, por maioría, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para solicita-la retirada do asunto da Orde do Día, xa que se trata dunha cuestión que xa se debatiu no seu día co correspondente pronunciamento polo Pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que pensa que debe debatirse xa que se trata dunha situación nova.

Intervén o Sr. Secretario do Concello para dicir que o artigo 22.3 do Regulamento Orgánico da Corporación establece a posibilidade de que calquera concelleiro poderá durante o seu debate pidi-la retirada dalgún asunto incluído na Orde do Día, se ben a súa votación realizárase unha vez rematado o debate.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para reitera-lo manifestado na Comisión informativa, sinalando que a modificación do convenio que se adoptou polo Pleno de data 28 de febreiro pasado non se aceptou polo Colexio de arquitectos; di que dado o volume de traballo dos servizos urbanísticos do Concello aconsellan a renovación deste Convenio, sinalando que se pode poñer coma condición que a elección do técnico se realice polos integrantes da Comisión Informativa coa participación do Sr. Aparellador Municipal, solicitando para elo un listado de arquitectos interesados ó Colexio, e así a persoa elexida traballe codo con codo co Sr. Aparellador Municipal.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo mixto, para ratificalo dito polo seu grupo na Comisión Informativa; di que o que se estivo producindo ata agora non foi un traballo "codo con codo" co Sr. Aparellador municipal, senón visto a forma de utiliza-lo convenio máis ben un traballo "a codazos"; reitera o seu rexeitamento ó técnico que estivo desenvolvendo o Convenio dende o punto de vista profesional. Finaliza a súa intervención dicindo que este tipo de convenios están orientados a Concellos que non dispoñen de servizos técnicos e non para Concellos coma o noso.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o que se está a debater é unha cuestión zanzada; di que non son cribles as manifestacións do Sr. Domínguez Lorenzo de que o Convenio é beneficioso para os servizos urbanísticos do Concello; sinala que dito asunto non se debía tratar por cuestión de dignidade institucional, di que non se pode admitir que o colexio de arquitectos delimite as funcións do Concello.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para respalda-las manifestacións do Sr. Domínguez Lorenzo; di que o Colexio de Arquitectos non invade as atribucións do Concello, senón que ó tratarse dun convenio débense poñer de acordo os organismos implicados; sinala que o convenio pode e debe ser aprobado xa que o

Concello o necesita xa que, non caso contrario estariase perxudicando ós veciños e retrasando os expedientes; di que no convenio non figura o nome do técnico, afirmando que se o problema é o técnico, dita cuestión pódese solventar solicitando ó Colexio a relación de arquitectos interesados e entre todos e co asesoramento do Sr. Aparellador municipal ellexilo mesmo. Finaliza a súa intervención sinalando que coa decisión de non aproba-lo convenio so se perxudica ós veciños.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que despois do escoitado ten a sensación de que non interesa que a oficina de urbanismo do Concello funcione. Finaliza a súa intervención para dicir que el leva pelexando para que funcione dito organismo e esta é unha medida encamiñada a este fin.

Intervén o Sr. Alonso Fernández, para dicir que xa eran conscientes de que tanto o P.P. como o Grupo Mixto ían a manifestar que con esta decisión estábanse perxudicando ós veciños; di que a potenciación dos servicios urbanísticos pódese facer a través dos presupostos coa creación das prazas que se estimen oportunas. Finaliza a súa intervención sinalando que o convenio debe ser froito dunha negociación e non dunha imposición, que é o que trata de face-lo colexio de arquitectos.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para manifestarlle ós señores voceiros do P.P. e Grupo Mixto que o colexio nunca vai aceptar que o Concello elixa o técnico, xa que son eles os que o elixen de entre os arquitectos parados, cuestión que lle parece lóxica; di que con este convenio o único que se fixo foi pontealo técnico municipal polo que, parécelle ter moita cara dicir que con este convenio trátase de potencia-los servicios urbanísticos do Concello; di que o Sr. Aparellador municipal está suficientemente capacitado para emiti-los informes en tempo e forma e o que debe facerse é dotar ós servicios urbanísticos de medios informáticos e persoal auxiliar adscrito ó mesmo.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicirlle ó Sr. Fidalgo Areda que o primeiro que asinou este convenio foi él cando era Alcalde; di que nadie dúbida da valía do Sr. Aparellador, senón que dado o volume de traballo é el mesmo o que está a solicitar ese apoio técnico. Finaliza a súa intervención reiterando que se se aproba o convenio pódese poñer coma condición que o técnico sexa elixido polos membros da Comisión Informativa co asesoramento do Sr. Aparellador de entre a relación que remita o Colexio de Arquitectos.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que na propia resposta do Colexio de Arquitectos díse que o Concello pode contratar directamente, pero fora do ámbito do convenio, os servicios correspondentes.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria proposta do Sr. Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., relativa á retirada do asunto da Orde do Día, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. coa excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica aprobada a proposta presentada, quedando retirado da Orde do Día o asunto obxecto do epígrafe.

6.- RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POR DON ANTONIO DOMINGUEZ LORENZO, CONCELEIRO DO GRUPO MIXTO, E POR DON CELSO SOTELO BARROSO, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. CONTRA ACORDO DO PLENO DO 22 DE MARZO PASADO, RELATIVO A COMPOSICION DAS COMISION INFORMATIVAS PERMANENTES.-.

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicos, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 22 de Abril que di: "Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta de dous recurso de reposición presentados contra o acordo acadado no derradeiro pleno relativo a composición das comisión informativas, sinalando que consta no expediente informe do Sr. Secretario sobre dita cuestión.

Despois de varias intervención dos presentes, sométese a votación ordinaria a estimación ou non do recurso de reposición, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P. e Grupo Mixto); reserváanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte, por maioría fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para sinalar que o motivo do recurso é a quebra do principio de proporcionalidade na composición das comisións informativas que establece o artigo 125 do ROF; di que consta no expediente informe do Sr. Secretario sobre dita cuestión, polo que entende que dito recurso debe ser estimado e no caso contrario resérvase o exercicio das accións legais pertinentes.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que non entende

como o concelleiro do grupo mixto presenta un recurso sobre unha cuestión que non lle afecta; di que a decisión que se adoptou no Pleno veu determinada pola discriminación á que se someteu a unha concelleira do P.P: sinala que a proporcionalidade non debe ser matemática, sobre todo se temos en conta que as Comisións Informativas non teñen carácter executivo, dicindo que a composición aprobada reflexa o sentir do Pleno.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para dicir que non ten precedente de que un concelleiro do grupo mixto recorra un acordo no que sai prerxudicado o P.P, sobre todo tendo en conta que o grupo mixto por imperativo legal atópase con máis representatividade ca a que lle correspondería; di que a medida que se adoptou veu determinada pola adopción de represalias por parte dun grupo contra unha concelleira ó deixala soamente coma compoñente dunha comisión "maria", sinalando que a composición aprobada reflexa o sentir do Pleno, indicando que a mesma é proporcional e de feito o grupo de goberno ten a maioría nas comisións co voto de calidade do seu presidente. Finaliza a súa intervención dicindo que o grupo de goberno deberíase preocupar máis doutras cuestións ca de presentar recursos contra acordos do Pleno, sobre todo cando non están a executar nin cumprilos acordos plenarios.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicirlle ó Sr. Carreira Sebio que hai que respecta-las decisións que adopte cada grupo, xa que ditas cuestións son de carácter interno, sinalando que todo o mundo é consciente de porque vostedes adoptan esta decisión; en canto ó manifestado polo Sr. Fidalgo Areda, quérelle dicir que para el tódalas comisións teñen a mesma importancia e pensa que non existen comisións "marias".

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que o seu recurso está avalado polo informe do Sr.Secretario; di que a xurisprudencia sinala que a composición das comisións informativas ten que ser representativa da composición do Pleno; en canto á presentación do recurso, di que cando se quebre a legalidade está lexitimado para presenta-los recursos que estime oportunos. Finaliza a súa intervención dicindo que de sabios é rectificar e de incompetentes manterse nos erros.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para reiterar que coa composición acordada non se pon en perigo a maioría nas comisións; di que o Pleno é soberano e incluso pódese equivocar. Finaliza a súa intervención dicindo que a decisión adoptada veu determinada pola discriminación dunha

concelleira, sinalando que se non están de acordo cos seus posicionamentos a expulsen do grupo.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para sinalar que non vai a entrar nas advertencias nin descalificacións verquidas polo Sr. Domínguez Lorenzo; di que non lle preocupan as cuestións internas do P.P. é o único que lle preocupa é o que pasa na Corporación; de que el considera comisións "marías", aquelas que non traen ninguha cuestión ó Pleno en tres anos. Finaliza a súa intervención dicindo que o acordo obxecto de recurso representa fielmente a composición do Pleno, polo que o seu grupo vai a seguir mantendo o acordo.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que ratificalo manifestado na súa anterior intervención, solicitando ós grupos da oposición que non xustifiquen o que fan xa que todo o mundo é consciente de porque o fan.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a estimación ou non do devandito recurso, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obtendose o mesmo resultado polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica estimado o devandito recurso, quedando a composición das Comisións Informativas do xeito establecido con anterioridade ó acordo obxecto de recurso.

Intervén Dona Maria José Escudero Estévez, para explica-la súa abstención, sinalando que tendo en conta que se trata dunha cuestión que lle afecta persoalmente considera que o máis coherente é absterse.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para dicir que Dona María José Escudero Estévez acaba de darlle unha lección de ética e estética e espera que esto se vexa reflexado adscribindoa a dúas Comisións Informativas.

7.- RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POR DON ANTONIO DOMINGUEZ LORENZO, CONCELLEIRO DO GRUPO MIXTO, CONTRA ACORDO DO PLENO DO 22 DE MARZO PASADO, RELATIVO A CANCELACION DE OPERACION DE TESOURERIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado 22 de Abril que di: "Intervén Don Secundino Rodríguez Gómez, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do recurso de reposición presentado contra o acordo acadado no derradeiro pleno relativo a cancelación

de operación de tesourería, sinalando que consta no expediente informe do Sr. Secretario-Interventor sobre dita cuestión.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para solicitar que quede o asunto sobre a mesa para estudia-lo coa Conta Xeral ou aprobación do presuposto; continúa dicindo que dende o Concello deberíase redactar un plano de mellora económica do Concello que abarque o control do gasto e a mellora dos ingresos, e unha vez presentado se estudie dito recurso.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que non ten nada que ver o que dí o Sr. Fidalgo Areda co recurso, sinalando que son cuestións independentes.

De seguido, sométese a votación ordinaria a estimación ou non do recurso de reposición, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, tres (P.S.O.E. e B.N.G).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para dicir que o recurso refírese á letra do acordo e non ó espírito; di que dita cuestión xa se explicou na Comisión Informativa, sinalando que consta no expediente informe do Sr. Secretario-Interventor. Finaliza a súa intervención dicindo que está de acordo en buscar fórmulas para amortiza-la operación de tesourería.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G. para sinalar que a moción que se presentou tiña un espírito, dicindo que o mesmo é amortiza-la débeda e non seguir aumentando o gasto corrente. Finaliza a súa intervención indicando que dita situación hai que reconducila polo que solicita informes dos técnicos do gastado e do non comprometido.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o Sr. Secretario no Pleno que se adoptou o acordo dixo que non se podía cumprir, polo tanto non vamos a esixi-lo cumprimento de algo imposible; propón que se suprima da moción "o recadado polo IBI de exercicios pasado", pero que se manteña o feito de cancela-la operación de tesourería, xa que pensa que dita situación é ilegal; di tamén que a situación económica do Concello estase deteriorando a pasos axigantados, indicando que tanto o Alcalde coma o Concelleiro de Facenda pasan do tema. Finaliza a súa intervención solicitando que se faga unha Comisión de Facenda para estudia-la situación económica e se traten de adoptar medidas para potencia-los ingresos e controla-lo gasto.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., sinalando que o que se pretende é de imposible cumprimento polo xa manifestado; por outra banda o que vostedes propoñen e que se pague ós bancos con carácter prioritario, se ben pensa que o prioritario é pagarlle ós provedores; di que dende o Concello xa se tratou de palia-lo problema se ben a Consellería non nos autorizou a conversión da débeda a longo prazo. Finaliza a súa intervención dicindo que o derradeiro préstamo non foi solicitado por este grupo de goberno.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que non lle vale o argumento de que de que hai que pagar ós veciños deste pobo, sobre todo se temos en conta que os maiores pagos realízanse a persoas e empresas que non teñen que ver con Ribadavia, coma Feira do Viño, festas...; di que todo o mundo sabe que a situación económica do Concello é un problema se ben nadie se atreve a adoptar medidas.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que despois do manifestado espera que o Sr. Sotelo non sexa concelleiro de Facenda, recordándolle que o P.P. leva gobernando sete anos e pensa que non queren nin saben como soluciona-lo problema; di que a situación económica empeorouse nos derradeiros anos cun aumento de operacións de tesourería, con gastos por encima do presupostado, sobre todo no apartado de actividades culturais; di que se aumentou a presión fiscal sobre os veciños, indicando que o peor é o testamento que deixan, xa que haberá que arranxar innumerables obras. Finaliza a súa intervención dicindo que retiran da moción o texto "o recadado polo IBI de exercicios pasado" mantendo o restante.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para sinalar que está de acordo na cancelación da operación de tesourería, pero solicita que se diga como e cando. Finaliza a súa intervención dicindo que se hai que suprimir servicios se faga pero despois non se utilize demagoxicamente.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para que se vote a estimación parcial do recurso no senso prantexado.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que se vote a estimación ou non do recurso prantexado.

Intervén o Sr. Secretario do Concello para sinalar que dende o punto de vista formal o correcto é resolver o recurso e no apartado de mocións preséntase a mesma xa correxida para o seu debate e votación, se ben no ve problema para que se vote o que propón o Sr. Fidalgo Areda.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a estimación ou non do devandito recurso, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obtendose o mesmo resultado polo que polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica estimado o devandito recurso.

8.- RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POR DON CELSO SOTELO BARROSO, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P., CONTRA ACORDO DO PLENO DO 22 DE MARZO PASADO, RELATIVO O MATADOIRO COMARCAL.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado 22 de Abril que di: "Intervén Don Secundino Rodríguez Gómez, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do recurso de reposición presentado contra o acordo acadado no derradeiro pleno relativo o matadoiro comarcal, sinalando que consta no expediente informe do Sr. Secretario-Interventor sobre dita cuestión.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que procede a interposición do recurso contencioso-administrativo xa que os intereses do Concello vense afectados polos adopción de dito acordo; en canto a auditoria de contas e tendo en conta o escrito do Consello de Contas, dí que o procedente sería que o Concello requira a Mancomunidade a realización dunha auditoria e que o propio Concello encargue a un Consulting un informe económico financeiro sobre as liquidacións practicadas o Concello relativas o matadeiro así como demáis pormenores do servicio.

De seguido, sométese a votación ordinaria a estimación ou non do recurso de reposición, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P.); votos en contra, tres (P.S.O.E. e B.N.G.); reservase para o pleno o membro do Grupo Mixto.- Por conseguinte, co voto de calidade do Sr. Presidente da Comisión, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que o servicio de matadoiro é un servicio necesario para a comarca, sinalando que se o mesmo é deficitario está de acordo en apoiar-la privatización, polo que solicita que se estime o recurso.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, voceiro do grupo mixto, para sinalar que o informe do Sr. Secretario do Concello avala a lexitimación do Concello para exercita-las

accións que estime oportunas; en canto á auditoría sinala que lle interesa saber se o matadoiro da perdas e como vai a repercutir na economía do Concello. Finaliza a súa intervención dicindo que se hai que facer gastos de inversión está de acordo coa privatización, co obxecto de que non repercuta economicamente no Concello.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para facer historia do servizo do matadoiro, sinalando que o mesmo é deficitario dende o ano 99, cando existe un monopolio cunha empresa determinada; o convenio asinado pola Mancomunidade considerao leonino e claramente prerxudicial para os intereses dos Concellos da Mancomunidade, xa que a dito organismo comprométese a facer inversións no matadoiro, rebaixa da taxa á empresa a cambio de nada; di que ó seu xuízo dita cuestión supuxo un déficit de 18 millóns en dous anos; di a solicitude de auditoría é necesaria para determinar que non é necesaria a privatización, xa que as perdas veñen determinadas por un acordo lesivo cunha empresa. Finaliza a súa intervención preguntándolle ó Sr. Alcalde dende cando coñecía a existencia dese convenio.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o matadoiro foi obxecto de polémica dende que naceu; di que o déficit do devandito servizo ven determinado por un convenio asinado polo anterior presidente cunha empresa, en virtude do cal concédelle o monopolio de dito servizo; di que, con cartos públicos non se pode beneficiar unha actividade privada. Finaliza a súa intervención dicindo que o Prego aprobado para a privatización e prerxudicial para os intereses de Ribadavia e polo tanto débese recorrer.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que o recurso refírese á moción aprobada, se ben quere manifestar que o seu grupo non está en contra de que se faga unha auditoría, se ben se está de acordo coa privatización se eso supón un menor custo para o Concello de Ribadavia.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para puntualizar que para privatiza-los servizo non son necesarias reformas, anque se aproveita a aprobación do Prego para mellora-las instalacións; en canto ós convenios asinados di que a Ordenanza faculta ó Sr. Presidente para chegar a acordos con empresas.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que o Concello está lexitimado para exercita-las accións que estime oportunas na defensa dos seus intereses, manfiestando a súa conformidade a que se faga unha

auditoría de contas, se ben está de acordo na privatización se esto supón un menor custo para o Concello, indicando que haberá que estudia-lo Prego.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para ratifica-lo seu posicionamento, indicando que a causa do déficit ven determinado por un monopolio concedido a unha empresa; en canto ó matadoiro di que se pensa en facer un matadoiro definitivo nesa zona, o seu grupo vai a loitar para que non se faga nesa zona, xa que é praxudicial para os intereses de Ribadavia. Finaliza a súa intervención dicindo que son suficientes as instalacións para a prestación deste servizo na comarca.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para sinalar que a privatización supón unha concesión administrativa, indicando que non entende as cláusulas do Prego, xa que lle parecen lesivas para o Concello, cuestión pola cal se debe recorrer dito acordo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que nas bases establécese coma condición a realización de inversións por importe de 115 millóns de pesetas, indicando que se non se privatiza o servizo de matadoiro arroxa perdas.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que non está en contra do acordo se ben apoia a privatización co obxecto de que o servizo non sexa deficitario.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a estimación ou non do devandito recurso, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto); votos en contra, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica desestimado o devandito recurso.

9.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADHESION DO CONCELLO A SECCION DE MUNICIPIOS DE AUGAS MINERAIS E TERMAIS DE ESPAÑA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Participación celebrada o pasado 22 de Abril que di: "Don José Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"MOCION DA ALCALDIA. O pasado mes de abril diversos Concellos prantexaron á Federación Española de Municipios e

Provincias a proposta de constituír unha sección de Municipios de augas minerais e termais de España no marco da FEMP. Esta proposta estulouse en diversas xuntanzas na sede de Madrid.

O obxectivo desta iniciativa é impulsar o papel dos Concellos na planificación e aproveitamento integral dos seus recursos hidrominerais e, ó mesmo tempo dispoñer dunha plataforma estable que facilite a coordinación das iniciativas de interese común para o seu desenvolvemento.

Posteriormente, a Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios acordou a constitución dun Grupo de Traballo das vilas con augas minerais e termais españolas.

O devandito grupo de traballo integrouse inicialmente polos representantes dos Concellos de Caldes de Montbui (Barcelona), Caldes d'Estrac (Barcelona), Benassal (Castellón), Cortes y Graena (Granada), Panticosa (Huesca), O Carballiño (Ourense), Elgorriaga (Navarra), Caldas de Reis e Mondariz (Pontevedra).

A Comisión Executiva da FEMP, na reunión do pasado 19 de novembro aprobou a petición de constituír unha Sección de Municipios de Augas Minerais e Termais de España adscrita á Comisión de Turismo da FEMP.

Na reunión constitutiva da sección, que se celebrou o día 14 de decembro no Concello de Caldes de Montbui, no marco do Primeiro Encontro de Municipios de Augas Minerais e Termais de España, considerouse correcto tanto o proxecto de normas de funcionamento e organización da Sección coma os criterios propostos para establecer a cota anual para formar parte.

Por isto propónse ó Pleno do Concello, acorde:

1º.- Aproba-lo compromiso de adhesión do Concello de Ribadavia á Sección de Municipios de Augas Minerais e Termais de España adscrita á Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias.

2º.- Aprobar inicialmente o proxecto de normas de funcionamento e organización da Sección de Municipios.

3º.- Designar coma representante político nesta sección a Don José Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello.

4º.- Aproba-lo pago da cota anual correspondente, de acordo cos criterios establecidos para a sección. Esta cota aplicarase a partir do ano 2002.

5º.- Someter á información pública durante 30 días os acordos anteriores a efectos de presentación de alegación e reclamacións. No caso de que non se presenten, este acordo elevarase a definitivo de forma automática sen necesidade de ningún acordo expreso.

6º.- Notifica-lo acordo do Pleno á Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias. Ribadavia, 18 de abril do 2002".-

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte por maioría fica dictaminada favorablemente".

Sen necesidade de entrar en debate, sométese a votación a moción presentado obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

10.- MOCION SOBRE O SERVICIO DE PEDIATRIA DO AMBULATORIO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 22 de Abril que di: "De seguido Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, fai a presentación dunha moción relativa os servicios médicos de pediatría que se prestan no ambulatorio de Ribadavia, chegando o acordo de que sexa unha moción conxunta de todos os grupos municipais:

"Ante a inminente reivindicación feita polas nais de nenos pequenos afectados diante desta Administración Local, interesando o reforzamento do SERVICIO DE PEDIATRIA no noso Centro de Saúde consistente en que a praza pertencente a este servicio sexa atendida por Pedriatra titular e, crendo esta Concellería que é de xustiza a demanda do servicio en cuestión.

E polo que, se pide o unánime apoio de todos os grupos políticos a esta petición xa que ó longo do tempo todo isto redundará en xeral beneficio de todos e , en especial dos veciños do municipio. Ribadavia, 19 de abril do 2002".-

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade".

Sen necesidade de entrar en debate, sométese a votación a moción presentado obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

11.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

De seguido o Sr. Alcalde, fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

" Tendo en conta o acordado na derradeira sesión da Comisión Informativa de Servicios en relación coa Sentencia do Tribunal Supremo sobre a minicentral do rio Brull, propónse o Pleno da Corporación a ratificación do acordado e que de seguido transcríbese: Acordar interpoñer recurso de ámparo ante o Tribunal Constitucional, así como tamén personarse no Concello de Melon para que como interesado se lle comuniquen todas as actuacións que se levan a cabo nese expediente, así como tamén acordase encargarse un estudio xurídico sobre a caducidade da concesión. Así mesmo acordase facer ante a Xunta de Galicia as xestións políticas oportunas e crear unha comisión na que esten presentes o Sr. Alcalde, un representante por cada grupo político e representantes dos veciños, co obxecto e mantelos informados das diversas actuacións a realizar e de recabar a opinión dos mesmos sobre dita cuestión".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"MOCION QUE A PRESENTAN.

* A MESA POLA NORMALIZACION LINGÜISTICA (A MESA).

* ASOCIACION SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG).

* BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).

- * COMITÉS ABERTOS DE ESTUDANTES (CAE).
- * COMITÉS ABERTOS DE FACULTADE (CAF).
- * CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA (CIG).
- * NOVA ESCOLA GALEGA.
- * SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG).

POLO DIREITO ELEMENTAL A APRENDERMOS EN GALEGO

A lingua de Galiza, o galego, segue a sofrer un proceso de marxinación. O seu uso público é aínda moi escaso. Non goza da naturalidade de uso social necesaria, a todos os esforzos normalizadores non renden o suficiente ao non teren correspondencia nen protección institucional.

A totalidade dos estudos, da orixe que sexa, confirman a perda importante de galego-falantes. Mesmo, un informe recente da UNESCO ven de corroborar o retroceso xeracional alarmante do noso idioma, que de continuar esta tendencia poria en perigo o seu futuro.

Porén, a lexislación propia existente non se cumpre adecuadamente, pasando a ter un valor meramente testemuñal ou declarativo. Tampouco se garante o respecto dos dereitos máis elementais das persoas e dos povos, como os recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos e na Carta Europea das Línguas Minoritarias - subscrita polo Estado español-.

Compre, pois, paralisar o deterioro do sistema lingüístico do noso idioma, e contribuírmos co noso compromiso á recuperación e promoción dos usos sociais do galego.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Impulsar unha política lingüística favorábel ao galego en todas as súas actividades e servizos, conforme á legalidade vixente, tanto nos usos orais como escritos, que garanta, especificamente, a atención ao público galego-falante no seu idioma.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a

2.1.- Proceder á redacción urxente dun Plano Xeral de Normalización Lingüística destinado á normalización plena dos usos sociais do galego.

2.2.- Dar cumprimento inmediato do Decreto 247/95 de galeguización do ensino.

2.3.- Garantir o uso do galego como lingua vicular do ensino na etapa infantil e no 1º ciclo da Educación Primária, ao alunado galego-falante, en cumprimento do dereito fundamental recollido tanto no artigo 8 da Carta Europea das Línguas Minoritarias; no artigo 2, apartado 1, da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos; e, como no artigo 1º, apartado 4, do Decreto 247/95, que desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística.

2.4.- Promover a presenza real do galego en todos os campos de actividade, ensino, administración, medios de comunicación, xustiza, novas tecnoloxias, toponimia propia...

3.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal a prol da manifestación convocada para o día 17 de maio, ás 12 da mañá, na Alameda de Santiago de Compostela, polo dereito elemental a aprendermos en galego.

Concello de Ribadavia, 22 de abril de 2002.O/A PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO,Asinado: Fco. Xabier Carreira Sebío".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"Segundo o disposto na lexislación vixente en materia de Rexime Local o todos los Grupos Municipais da Corporación presenta a seguinte mocion con motivo da actual situación nos territorios palestinos.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Os Grupos Municipais na Corporación de Ribadavia consideran que a violencia despregada por Israel nos territorios palestinos alcanzou uns niveis inaceptables para a comunidade internacional e toda persoa de ben. A situación na que se atopa o pobo e maila Autoridade Palestina e, o asedio militar ó que están sometidos obrigan a unha acción firme e ampla da sociedade en xeral das súas organizacións, sindicatos e partidos políticos e, tamén dos seus gobernos: do Goberno Español, da Unión Europea e de Nacións Unidas.

Recoñecemos o dereito do Pobo Palestino e de Israel á paz e á seguridade. Rexeitamos toda forma de terrorismo. Pero, cremos que, é preciso denuncia-la inxusta e inxustificable actuación do Estado de Israel. Pensamos que resulta inadmisibile que apele ó dereito de lexítima defensa cando ocupa ilegalmente un territorio incumprindo decenas de resolucións de Nacións Unidas e asoballando a miles de persoas.

POR ELO SOLICITAMOS:

1.- Esixir a Israel unha retirada inmediata das áreas autónomas palestinas.

2.- Garantía da dignidade e integridade física do pobo e autoridades palestinas.

3.- Solicitamos á Organización de Nacións Unidas o envío dunha forza internacional de protección e de interposición.

4.- Demandamos ós nosos gobernantes para que con toda urxencia empreguen tódolos medios dos que dispoñan (diplomáticos e económicos) para forzar a Israel a que cumpra as resolucións de Nacións Unidas e se retiren de tódolos territorios ocupados.

5.- O recoñecemento de inmediato ó Estado Palestino e contribúa de xeito activo á solución política do conflito, baseada na xustiza e no dereito.

6.- O envío de observadores internacionais en apoio da convivencia en paz.

7.- A posta en marcha por parte do Goberno Español e a Unión Europea de programas de axuda humanitaria en Cisjordania e Gaza que atendan as necesidades urxentes da poboación civil palestina afectada polo conflito".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada,

obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se afirmen as pedras que están tapando os rexistros no Casco Histórico, xa que as mesmas se moven cando se transita sobre as mesmas.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que se van a tratar de asenta-las pedras coa colocación dunhas gomas.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se coloque unha reixa nun socabon existente nas inmediacións do polideportivo sito en Maquiás, xa que é perigoso para os nenos que circulan polo devandito lugar.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se adopten medidas para evitar que circulen vehículos pola estada do Consello-Quinza, dada a peligrosidade de dita estrada.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se corrixa o texto existente no alumeado artístico da feira xa que pon festa en lugar de feira.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se remate a obra da Fonte da Oliveira, co obxecto de evitar prexuízos ós veciños e ós colindantes.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde se sinalien verticalmente os pasos de peóns existentes na rúa Ribeiro-Carballiño e se adopten as medidas oportunas para evita-lo aparcamento de vehículos na marxe dereita da devandita rúa sentido Carballiño.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde se tapen os buratos existens na beirarúa a carón do bar "O Cotelo".

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde a posta en funcionamento do ordenador na biblioteca e se contrate o servizo de Internet para ditas instalacións.

1ª PREGUNTA.- En relación co matadoiro comarcal interesa saber información sobre o roubo do ordenador existente no matadoiro, se forzaron as instalacións, información sustraída e cando se vai a facilita-lo resto da información solicitada polo Pleno da Corporación.

Resposto o Sr. Alcalde: O roubo denunciouse á garda civil, di que non houbo signos de violencia e que a información que había era de carácter sanitario, indicando que existe soporte documental. Finaliza a súa intervención dicindo que pensa que hai copia de seguridade.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para solicitar ó Sr. Alcalde e Presidente da Mancomunidade se tomen as medidas oportunas para que se fagan copias de seguridade de toda a información existente nese organismo e se facilite a documentación solicita polo Pleno da Corporación.

Don Xosé Prieto Pérez, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde se adopten as medidas oportunas para habilitar unha entrada ó edificio de Correos polo seu acceso principal, así coma tamén se reconsidere a ocupación da vía pública por parte da empresa adxudicataria das obras xa que o considera abusivo.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se adopten medidas para evitar que circulen vehículos pola estrada do Consello-Quinza, dada a peligrosidade da devandita estrada e se proceda á colocación de sinalización normalizada.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que solicitase informe ó Sr. Aparalledor municipal sobre a seguridade da obra que se está executando no entorno da Casa de Cultura e se adopten as medidas precisas xa que no caso contrario darán conta ó gabinete de seguridade e hixiene da Xunta de Galicia.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde a que dean as ordes oportunas para que se proceda áa limpeza viaria na zona do Piñeiral e na rúa Emilia Pardo Bazán.

1ª PREGUNTA.- Interesa saber cantas persoas teñen chave da Casa de Cultura, indicando que alguén debe ser responsable de pechar a instalación.

Resposta o Sr. Alcalde: A chave so a debería te-la Policía Local e mailo Conserxe, se ben fará as averiguacións oportunas.

Intervén o Sr. Prieto Pérez, para preguntar se funciona a alarma da Casa de Cultura, respostando o Sr. Alcalde que o decoñece nestes intres.

2ª PREGUNTA.- Na pasada Comisión de Cultura fixo a petición de que se convocase unha reunión antes da inauguración da Feira do Viño para dar conta do presuposto e dos diversos contratos asinados para dito evento, cuestión que non se produxo, non entendendo como o Sr. Alcalde sen ter aprobado o presuposto pode contraer gastos; di que non entende coma o Presidente do Consello Regulador no deu conta no Concello das diversas actividades que se están a realizar; por outra banda dílle ó Sr. Alcalde que o Sr. Asesor de Cultura debería tratar con máis respecto o tódolos concelleiros, esperando que no seu momento non se renove o contrato. Finaliza a súa intervención dicindo que o seu grupo dada-las circunstancias actuará en consecuencia.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque a comisión creada para a modificación dos Estatutos do Padroado Nosa Señora dos Anxeles; pregunta polo recurso que anunciou o Sr. Domínguez Lorenzo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o Sr. Domínguez Lorenzo non presentou recurso contra o acordo e se non se convou antes dita comisión foi porque estivo de baixa.

Resposta o Sr. Fidalgo Areda, que se o Sr. Alcalde estivo de baixa, ten que haber unha persoa que o substitúa, solicitando que se convoque a reunión e se cumpran os acordos.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se convocase unha comisión para analiza-las prazas de persoal laboral do concello vacantes e determinalas que se sacan a concurso para contratación temporal e cales definitivas, así como tamén para a elaboración dunha bolsa de emprego.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque de xeito inmediato a Mesa de negociación colectiva, para analiza-la situación dos diversos colectivos e así adoptar decisións conxuntas que satisfagan a tódolos colectivos.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que sexa o suficientemente perspícaz para adiantarse as mocións que van a presentar no vindeiro Pleno e así se trate de consensualas entre tódolos grupos.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque non se convocou a mesa de contratación para a elaboración dos pregos de contratación de obras, servicios e subministros, a cal acordárase no Pleno.

Resposta o Sr. Alcalde: Dende que se aprobou a moción non se contrataron obras, indicando que se constituirá tan pronto como sexa posible.

2ª PREGUNTA.- En relación co acordo adoptado no Pleno sobre o Matadoiro, recórdalle ó Sr. Alcalde que ten que convocar ós voceiros dos grupos municipais para a elección do avogado e interposición de recurso.

Resposta o Sr. Alcalde: Convocarase a reunión ó pasa-la Feira do Viño.

E sendo as once e media da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.